As súas palabras

"A actitude ante a lingua, a ética e o compromiso cos seus falantes herdeinos de quen foi o meu mestre, de quen me honro en recoñecer como mestre" [Refírese a Xesús Alonso Montero].

"Sei escribir para adultos, pero non me interesa escribir para eles", dixo con rotundidade nunha ocasión María Victoria Moreno cando lle preguntaron por que decidiu dirixirse ao público máis novo.

De feito, do pouco que escribiu para adultos, está este poemario, *Elexías de luz*, publicado postumamente.



Podes visitar a *Exposición do Día das Letras Galegas 2018* que colga no vestíbulo, entre o acuario e a cafetaría

Algunha das súas obras

Na biblioteca tes estes libros seus:

"As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos".

Este breve texto dillo Xulia a Nicolau, os protagonistas da novela *Anagnórise*.



María Victoria Moreno

Día das Letras Galegas 2018

Colaboración do EDNLG, departamento de Lingua Galega e Literatura e Equipo de biblioteca.

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

BIBLIOTECA - IES Lamas de Castelo

A autora e a obra

María Victoria Moreno Márquez (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939 - Pontevedra, 2005), licenciada en Filoloxía Románica pola universidade de Madrid. En 1963 conseguiu unha praza de profesora nun instituto de Pontevedra, e veu vivir a Galicia.

A súa identificación co noso país foi tan intensa que axiña aprendeu o galego e converteuno na súa lingua, primeiro en Pontevedra e logo en Lugo, onde se consolidou esa adopción da lingua xa para sempre.

Desde que chegou a Galicia, toda a súa obra literaria está escrita en galego: contos, novelas para público infantil e xuvenil como ***Leonardo e os fontaneiros***, *Mar adiante*, *O cataventos* e *Festa no faiado*. A súa novela ***Anagnórise*** obtivo un grande éxito entre os lectores, e figura na lista de honra do IBBY de 1990. Con ***Guedellas de seda e liño*** recibiu unha mención especial White Ravens 2002. Colaborou na redacción de libros de texto e dirixiu a colección **Árbore** da Editorial Galaxia dende 1988, ano da súa creación.

Durante a ditadura franquista, no final dos anos 60, non se ensinaba lingua galega nin moito menos en galego, mais María Victoria dedicaba parte das clases de literatura española dos venres a ensinar literatura galega e a que as alumnas practicasen a escrita de textos en galego.

Ademais, nos anos 70 xa impartía cursos de galego de maneira voluntaria para quen quixese estudar a nosa lingua e non tiña onde. Como represalia, as autoridades competentes da época retiráronlle o pasaporte.

Ela mesma consideraba que a súa vocación e paixón máis forte era a de ensinar, consideraba que o que máis feliz a facía era o seu labor de **MESTRA**. Mais ela levou a cabo múltiples actividades relacionadas cos libros: **escritora, profesora de literatura, tradutora, editora, libreira ou conferenciante.**

Comezou a escribir para a infancia, ao ver a falta de materiais que había para o ensino. Escribía as historias que lle serviran para explicarlles o mundo aos rapaces. Por iso, **é unha das pioneiras da literatura infantil e xuvenil.**

A súa vida privada non foi fácil e amosa a unha **loitadora incansable:** axuda constante ao seu primeiro marido (José Luís Llácer) que era cego. Tras a súa morte, diagnostícanlle un cancro de mama, levará quimioterapia e compatibilizará a súa recuperación co traballo.

Máis adiante, establece outra relación cun mariño cubano, Pedro Ferriol, con que casará poucos anos antes de morrer. Mais o seu amor tamén o compartiu coa filla e cos seus adorados cans, aos que trataba coma se fosen da familia.

Na foto, Pedro Ferriol e Begoña, a filla, diante do mural homenaxe a María Victoria no seu querido e último instituto IES Torrente Ballester de Pontevedra.